

**GALARDÓN** O poeta Eduardo Estévez propón preguntas sobre a vida no libro 'En construcción', gañador do XIV Premio Miguel González Garcés

# O que significa **vivir**

VIKY GARCÍA



Eduardo Estévez cre que publicar libros de poesía é complicado, e os premios literarios supoñen unha oportunidade neste sentido

## O autor compartiu cos lectores a través dun blog en internet o proceso de creación deste poemario

M. Dopico · Santiago

“Estou moi contento. O González Garcés é un premio que supón ‘facerse maior’. Cando gañei o accésit deste mesmo galardón por *Só paxaros saíron desta boca* xa me parecía moito, pero conseguir o premio grande é máis. Implica moita responsabilidade no sentido literario: dun gañador do Garcés agárdase seriedade nas obras seguintes...”. O poeta Eduardo Estévez recibiu deste xeito a decisión do xurado de concederlle o XIV premio de poesía Miguel González Garcés, instituído pola Deputación da Coruña.

O poemario de Eduardo Estévez, *En construcción*, foi escollido entre os 55 orixinais presentados a este certame. O voceiro do xurado, o escritor Manuel Forcadela, sinalou que a esollida do gañador se resolveu tras un intenso debate, “que valorou a contemporaneidade da súa escrita e a aposta do autor pola renovación da nosa tradición estética”, así como “a liña de construción expresiva” da obra, “na que se pode advertir unha proximidade do cotián”.

O galardón, creado no ano 1991, está dotado con 6.500 euros e a publicación da obra seleccionada pola propia Deputación.

“Ao estar patrocinado por unha institución pública, o premio supón tamén a responsabilidade de saber que a contía económica e a edición vai por conta dos contribuíntes...”, comentou Estévez.

*En construcción* é, segundo explica o seu autor, unha serie de “reflexións, a modo narrativo, sobre o que significa vivir, sobre as cousas que pasan cando vives. Estevo Creus, que é psicólogo, sempre di que vivir é moi difícil...”. O libro é o resultado dunha “experiencia li-

teraria en internet”, segundo lembra Estévez.

“Hai dous anos, comecei a amosar nun blog o proceso de construción do libro. Ía comunicando cada vez que engadía ou quitaba textos e publicando as distintas versións de cada poema. Cando decidín que ía editalo en papel, deixei o blog. Levo tempo facendo cousas en internet, que me parece interesante como plataforma de difusión. Ademais, levo vinte anos, primeiro participando, e despois coordinando, obradoiros literarios. Estou afeito ao proceso de compartir, traballar tomando decisións despois de escoitar opinións”, aclarou.

Eduardo Estévez conta na súa traxectoria literaria seis poemarios editados en papel, e outros dous dispoñibles na rede. No 2005 saíu do prelo unha antoloxía da súa obra, baixo o título *Itinerarios*.

“O meu primeiro libro, *Catedrales de perfil*, publicado en Bos Aires, hoxe non me gusta. O segundo, *Ya tan deshabitado*, editado en Venezuela, é reflexo dunha maduración literaria importante, pero de mocidade. A miña chegada a Galicia, no 1995, supuxo un salto grande. Aprendín a falar galego, e un día decateime de que estaba a pensar os poemas en galego, polo que non tiña sentido escribilos en castelán. Os primeiros libros que escribín en galego son máis paisaxísticos e minimalistas: *só paxaros, lúa gris, os veos da paisaxe, cadernos apócrifo da pequena defunta...* A partir do 2004, de *Derrotas*, sobre todo, son máis reflexivos, e os poemas vólvense máis longos, máis narrativos sen perder o espírito lírico... Falo de cousas do cotián, sen pretender dar respostas, só abrindo un espazo para facer preguntas...”, apuntou.

O verso de Estévez é libre, curto, sinxelo, moitas veces cortado, e apoiado nunha linguaxe clara. “A poesía é comunicación. Non existe a comunicación perfecta, pero eu tento escribir de xeito que se me entenda. Despois o lector procesará o que quero dicir á súa maneira...”, di. ●

### O XERMOLO

## “Agardei a ter algo que dicir”

O poemario *En construcción* xurdiu dunha viaxe do seu autor a Bos Aires. “Escribín *Liña 41*, o poema fundacional do libro, tras baixar dun autobús da liña 41 nunha viaxe a Bos Aires. Levaba moito tempo sen escribir. *Derrotas* foi o meu primeiro libro serio, importante, fondo. Cando o escribín non me importaba que me levase anos. Despois decidín agardar a ter outra vez algo que dicir”, contou.

Eduardo Estévez naceu en Bos Aires no 1969. Foi membro

do consello editorial de Letras da Cal e Retagarda Edicións. Traduciu ao castelán poetas brasileiros, portugueses e galegos.

Publicou algúns poemas na revista 'Dorna' da Universidade de Santiago e en 'A revista', de Vilagarcía de Arousa, e en antoloxías como 'd'Efecto 2000'.

Tamén é autor de artigos e reseñas de libros en medios de comunicación venezolanos e galegos, entre eles 'O Correo Galego'. Na actualidade é programador e construtor de sitios web.